


# O Saco das Novas



Curso 2017-2018



*Os alumnos e alumnas  
de tres anos celebraron  
o día da muller  
traballadora*





O saco das novas





O saco das novas






Os alumnos  
de catro anos  
de educación  
infantil  
xogaron coa  
lingua






O saco das novas






# O saco das novas






O saco das novas







ZOE

MONSTRO

AECORES

NOME: CRISTINA DIA: 25-1-18

HO TE ESTOU RARO  
NON SEI QUE ME PASA



+ATE  
LACHE  
OUTRA  
VEZ

+ES  
AS  
EMOCIÓNS  
REVOLTAS



# O saco das novas


NOME: ATHENEA DÍA: 1-2-18

PINTA, DEBUXA E ESCRIBE







# O saco das novas







O saco das novas






# O saco das novas





# O saco das novas





## A POLAS VELUTINAS!!!

De todas as saídas deste primeiro curso de Educación Primaria, pode que a que fixemos ao Servizo de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento (SPEIS) do Concello de Narón fora na que máis cousas aprendemos.



Alí ensináronnos a facer trampas caseiras para loitar contra a especie invasora das Vespas Velutinas. Tomade nota por se queredes colaborar desde as vosas casas este verán.

Como recipiente podedes reciclar unha botella de plástico de auga de litro e medio cortándoa pola metade e colocando a parte de arriba para abaixo, a xeito de embude.

Tedes que pasar, sempre coa axuda e supervisión dun adulto, un arame, para colgala a unha altura de 1,5 metros aproximadamente. Arame que pode servir tamén para suxeitar unha pequena tapa para impedir que lle entre a auga cando chova e non perda eficacia o atraente que imos introducir para que a avésa entre na nosa trampa e xa non poida saír.

Como mestura podedes utilizar a seguinte:

-Unha lata de cervexa negra.





## O saco das novas

-1 vaso de viño branco.



-1 culler de xarope ou zume de arandos.

-Azucres.



-Tamén podedes engadir cera de abella e avespas asiáticas capturadas.





## O saco das novas

Dentro do patio do colexio colocamos dúas trampas nunha cerdeira, unha os de primeiro curso e outra os de segundo, esperando capturar, especialmente, algunha raíña para que non forme unha nova cólmea e non se sigan estendendo polo noso Concello.





Temos que facer todo o posible para que non ataquen as nosas abellas, importantísimas para a nosa vida no planeta, pola cera e o mel que producen e, sobre todo, polo seu papel na polinización das froitas e verduras que consumimos e que tan ricas están.



Así que, animádevos e a por elas! .


1º curso do CEIP de Piñeiros





O saco das novas








# A Mochila Maxica <sup>icia</sup>

Erased unha vez unha mochila maxica. O seu dono chamase Xoan, é un neno de sete anos. A súa mochila para Xoan non é maxica, e oxe cumple oito anos e a mochila dixo: Felcidades Xoan!! E Xoan dixo: Anda a miña mochila fala! E eu crea que esp foi o mellor regalo de cumpleaños.



Un colexio moi moi grande estaba abrindo pero xusto era no meu barrio, enton os meus pais dixeronme que me iba a ir a ese colexio xa que non tiñamos moito diñeiro. Ao día seguinte a miña nai dixome: "Xa tes colexio, imos que chegamos tarde" pero eu non quería e enton chegou o meu pai e dixo: "A escola, xa! ao final fun pero alí había moitos nenos e nenas xogando e non me alegrei moito... Logo unha muller alta, morena e de pelo louro chegou a miña clase e dixo: "Hola clase, son Mónica" e eu dixen: "Hola eu son Ana" e empezou a clase, eu tiña moito medo pero empezou a gustarme e a sacar moi boas notas e o meu pai regalabame moitas cousas.

FIN



O saco das novas



## CONSERVADE A NATUREZA





## DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Este ano o “Día das Letras Galegas” estivo adicado a M.<sup>a</sup> Victoria Moreno.

M.<sup>a</sup> Victoria Moreno foi unha escritora nacida o 1 de maio de 1939 en Valencia de Alcántara (Cáceres). O seu pai, Vicente Moreno estudou Dereito e tivo que ir á guerra. Durante un permiso casou con Sara Márquez, mestra que tivo que renunciar por un tempo á súa profesión debido a que tivo que criar catro fillos: M.<sup>a</sup> Victoria, a maior, Sara, Antonio e Rafael.

Durante a súa nenez viviron en Badaxoz e, máis tarde trasladáronse a Segovia onde estiveron varios anos. Cando tiña doce anos marchou a estudar a Barcelona e alí decidiu que quería dedicarse ao ensino. Aprendeu catalán e francés e descubriu a literatura lendo “O Quixote” e “O principião”.

Anos despois foi para Madrid onde estudou Filoxía Románica na Facultade de Filosofía e Letras da Complutense. Coñeceu a José Luis Llácer, invidente, co que casou e trasladáronse a Pontevedra en 1963, xa que o seu home tiña que traballar nun colexio da ONCE. En Pontevedra viviu máis de corenta anos. Alí residiu ata o día da súa morte, o 22 de novembro do 2005.

Durante a súa etapa en Galicia deu clases de literatura galega ao seu alumnado e tamén a mestres e mestras e outras persoas que non tiveran posibilidade de estudar a lingua galega.

En 1972 gañou o 2º Premio O Facho co conto Crarisca e Luceiro. En 1973, coa publicación de Mar adiante, converteuse nunha das escritoras pioneiras da literatura infantil e xuvenil galega. En 1975 recibiu o Premio Facho polo seu relato O cataventos. En 1979 publicouse Contos para nenos. En 1983 A festa no faiado e en 1986 Leonardo e os fontaneiros, que acadou o 3º lugar no certame O Barco de Vapor. Outras lecturas para nenos son: E haberá tirón de orellas? en 1997 e Eu conto, ti cantas en 2005.




Nas súas obras destacan os animais como protagonistas, as mulleres e nenas e a defensa da igualdade para todos.

4º E. PRIMARIA



## OS REVOLUCIONARIOS

Hai moito tempo no ano 1948 nun pobo de Galicia chamado Vilarrube vivía unha familia composta polos pais e catro fillos: Carlos, Daniel, Nerea e Andrea. Tamén tiñan unha cadela chamada Lúa. Gañaban a vida traballando na pesca.



Un día, cando chegaron de traballar, os seus pais non estaban. Os nenos buscáronos por todas partes, pero non os atoparon. Moi tristes foron á casa do seu avó. Cando chegaron decatáronse de que faltaba Lúa. Entón volveron para a súa casa e... alí estaba enriba da cama dos seus pais. Déronse conta de que Lúa podía olfactear as súas roupas para atopalos. E así os nenos decidiron percorrer Galicia para tratar de dar con eles.

Pasadas varias semanas chegaron a unha casa abandonada e Lúa olfacteou. Entraron dentro e...alí estaban os seus pais cun libro vello nas mans. Os nenos non entendían nada. O seu pai explicoulles que estaban alí para coller uns libros en galego, porque querían ensinarlle a lingua á xente e que se volvесе falar galego en toda Galicia, xa que estaba prohibido falala. Por iso, formaran un grupo chamado “Os revolucionarios” e buscaban os libros para levalos á aldea e distribuílos por toda Galicia.

Pero, cando se dispuñan a regresar á aldea cargados cos libros, oíron uns ruídos moi estraños. De súpeto abriuse a porta e ... apareceron uns gardas de Franco, que colleron os libros e queimáronos. Logo levaron para o cárcere aos pais. Os nenos quedaron na casa sen saber que facer, pero... de repente apareceu Lúa ,que estaba agochada e guiounos ata o lugar onde queimaran os libros e.... alí había un libro que falaba de Franco e a súa vida. Daquela decidiron ir rescatar aos seus pais e, guiados por Lúa, chegaron ao lugar onde estaban. Como o gardián estaba durmido, colléronlle as chaves e liberaron aos seus pais. Foron buscar a Franco e encerrárono nese lugar. E alí quedou ata o día da súa morte no ano 1 975.

Eles regresaron á súa casa, ensináronlle o galego ás súas xentes e conseguiron que se volvесе falar e escribir en galego e publicáronse moitos libros.





## OS SALVADORES DA NATUREZA

Había unha vez unha nena que se chamaba Uxía e vivía nunha fraga galega co seu avó Xoán e o seu gato Zeus. Ao lado da súa casa vivía o seu veciño Lois, que era o seu mellor amigo.

Vivían todos felices, ata que unha mañá uns homes empezaron a tronzar as árbores da fraga. Todos se enfadaron moito e intentaron detelos.

- Non, parade, non podedes destruír a nosa fraga! - dixeron.
- Necesitamos madeira para construír e para fabricar papeis – contestáronlles. Non podemos parar.
- Que imos facer?- preguntoulle Uxía ao seu avó cando volveron para a súa casa.
- Non podemos facer nada – contestou Xoán.

Mentres durmían escoitaron un ruído e déronse conta de que estaban a construír unha vivenda enorme no medio da fraga.. Entón Uxía, Zeus e Lois decidiron ir ao río e gastarlles bromas para que fuxisen de alí. O primeiro día á hora da merenda tiraron cascas de plátanos por terra e os obreiros esvararon e caeron. O segundo día Lois e Uxía puxéronlles unha mesa cunhas tartas riquísimas, pero cando ían collelas os nenos estampáronllas na cara. Os obreiros e o seu xefe estaban tan asustados que fuxiron de alí correndo e nunca máis se soubo deles.

O avó ,coa axuda da súa neta e Lois, derrubou a casa e usou os materiais para fabricar casas para os animais.



4º Ed. PRIMARIA



# Olimpiadas Escolares de Educación Vial de 5º de primaria do 2018

O día 10 de maio ás 10:30 am saímos do colexio 5º e 6º; fomos camiñando ata o Pazo da Cultura. (o Alto).

No Pazo tocounos de Primeiros a 5º; Chamáronos a todos os representantes de 5º. Subimos ao escenario.

No noso curso representáramos: Xavi, Natalia, Iker, Claudia e Ander, mentras que nos outros salabamos e dicíamos as respostas que creíamos que eran.

O test tiña 30 preguntas e nunha pantalla xigante saían as preguntas. Había tres opcións: a) b) ou c).

Cando terminaron 5º foi 6º.

Despois de media hora ou así remataron; esperámonos un cuarto de hora para que se decidiran os gañadores de 5º e 6º.

Ao final non ganamos pero o importante é participar; fíxenos un regalo por participar regularámonos un libro super chulo.

O único que falta nesta historia é agradecerllos a todos os participantes das olimpiadas, e aos creadores.

Tamén a noso policía Pedro que veu todos os días ao colexio.

FIN



# Olimpiadas Escolares de Educación Vial de 5º de primaria do 2018

O día 10 de maio ás 10:30 am saímos do colexio 5º e 6º; fomos camiñando ata o Pazo da Cultura. (o Alto).

No Pazo tocounos de Primeiros a 5º; Chamáronos a todos os representantes de 5º. Subimos ao escenario.

No noso curso representáramos: Xavi, Natalia, Iker, Claudia e Ander, mentras que nos outros salabamos e dicíamos as respostas que creíamos que eran.

O test tiña 30 preguntas e nunha pantalla xigante saían as preguntas. Había tres opcións: a) b) ou c).

Cando terminaron 5º foi 6º.

Despois de media hora ou así remataron; esperámonos un cuarto de hora para que se decidiran os gañadores de 5º e 6º.

Ao final non ganamos pero o importante é participar; fíxenos un regalo por participar regularámonos un libro super chulo.

O único que falta nesta historia é agradecerllos a todos os participantes das olimpiadas, e aos creadores.

Tamén a noso policía Pedro que veu todos os días ao colexio.

FIN





+ As Olimpíadas escolares

O pasado xoves 10 de Maio, celebráronse as Olimpíadas Escolares de Educación Vial nas que participaron os cursos de 5º e 6º EP de Nación. Fomos camiñando ata o Faro da Cultura. Cando chegamos encontramos nunha sala moi grande e nos sentamos. Entón saíron dous policías Pedro e Sonia, presentou o evento un locutor de radio. Sonou unha música e os equipos representantes de cada Colexio subiron ao escenario para contestar as preguntas. Uns minutos despois de rematar, entregáronos os premios aos gañadores; o noso cole non gañou pero tamén recibimos un premio por participar no concurso.

Fin.





O saco das novas

## SAÍDA CICLISTA A XUVIA

O día 11 de maio todos os coles de Narón fomos a Xuvia a dar una volta nas bicis. Os nenos e nenas de 3º, 4º, 5º e 6º.

Cando chegamos alí aparcamos as nosas bicis no paseo e déronnos de merendar: bocadillos e aquarius.

Despois de todo isouns militares fixeron una exhibición con cans.

Ao finalizar voltamos de novo en bicicleta ao colexio.

Aínda que a realizamos todos os anos a nós gustounos moitísimo esta saída.

Aarón a Martín de 6º



## ATLETISMO

No mes de setembro os nenos e nenas de 5º de Primaria fomos á pista de Río Seco a facer una actividade de Atletismo. Foi moi divertido xa que corrimos moito, e tamén saltamos e lanzamos. O que sí, foi una xornada esgotadora.

Fomos en bicicleta e voltamos ao cole en bicicleta tamén.

O alumnado de 5º





## O saco das novas



### PISCINA 4º PRIMARIA

Os nenos e nenas de 4º fomos á piscina da Gándara todos os mércores do 2º Trimestre cos nosos profes Isabel e Fabio.

Pasámolo xenial e ademáis os nenos que non sabían nadar aprenderon algo máis e os que xa sabían melloraron.

Foi moi divertido e oxalá para o ano que ven poidamos repetilo.





## O AMULETO DO TEMPO

Había tres exploradores

Buscando tesouros polos arredores.

Un deles dixo:

“Mirade que pedra tan feitiña

aquí ao meu carón”

Outro avisado contestou:

“Fáltalle un anaco, qué impresión miña?”

E o último decidido mirouna e respondeu:

“Parece que ten un mapa

collamos una lupa a ver que destaca”

A forma parecía de México

expoñen rumbo alí

porque queren descubrir

se todo ten fin.

Chegaron rápido alí

expuxéronse a buscar

o que se propuxeran atopar.

Nunha pirámide azteca


atoparon a segunda peza

que igual que a primeira tiña un mapa

pero este mandábaos a África.

De pirámide en pirámide

e nun sarcófago, atoparon outra peza





O saco das novas

que ao xuntala coas anteriores

viaxaron ao futuro

os tres exploradores.

No futuro devastado

a cuarta peza atoparon

e ao xuntar as catro

ao presente regresaron.


Como viran que o futuro

estaba horrorosamente mal

os tres decidiron

poñerse a reciclar.

Alumnos de 6º





O saco das novas

## LÓVA

Este ano os alumnos de 6º fixemos moitas cousas, pero para nós, o máis importante foi LÓVA (La ópera como vehículo de aprendizaxe), un proxecto no que todos debemos colaborar e todos somos moi importantes.



Todos xuntos formamos a Compañía de Ópera “ANDADIÑAS” e ao longo de todo o curso realizamos dinámicas, retos e xogos que nos axudaron a sacar adiante a nosa ópera e que pensamos axudar á a que todo poda saír o mellor posible.

Neste proxecto traballamos primeiro todos xuntos e despois por profesións: rexidor/a, director/a de produción, músicos-compositores, escenógrafos, iluminadores, escritores, documentalistas, relacións públicas, figurinistas e intérpretes.

A primeira representación é no Pazo da Cultura de Narón, o día 13 de xuño para os alumnos do noso colexio e as súas familias. O día 14 faremos outra representación para outros colexios.

LÓVA é una maneira diferente de aprender.

Alumnos de 6º







## O saco das novas

**PAZO DA CULTURA DE NARÓN**

**13-14 DE XUÑO 10:30h**

Ópera orixinal creada por

Os nosos agradecementos a todos os pais e nais por axudarnos cos obradoiros das distintas profesións.

Ao persoal do pazo da cultura por axudarnos co son, a iluminación e por cedernos o escenario para representar a ópera.

Tamén o noso agradecemento aos coordinadores de LÓVA España polo seguemento e o apoio que nos deron para continuar co noso proxecto.



Somos a compañía de ópera ANDADIÑAS que está formada polos nenos e nenas de 6º curso do CEIP Piñeiros, e que ao longo deste curso estivemos traballando no proxecto LÓVA.

O tema da nosa ópera trata sobre a amizade, e a nosa tese sobre o importante que son os amigos. Eles cambian as nosas vidas, porque con eles aprendemos a resolver conflitos, divertímonos, aprendemos a axudarnos...

Se a un crebacabezas lle falta unha peza non volve a ser o mesmo, queda un espazo no medio e falta conexión. Precísanse todas as pezas para que estea completo.

### RESUMO:

Esta obra trata sobre cinco amigos que quedan para facer os deberes na casa dun deles. A raíz dun conflito, un deles é expulsado do grupo.

### INTÉRPRETES

Pablo Corral Llago  
Daniel Piñón García  
Adriana López Gómez  
Noa Soto Liz  
Ciro Saúl Pérez Fernández

### ESCRITORES/AS

Aelia Picos Campos  
Joan Alexandru Circiu  
Adrián Rodríguez Pazos

### DOCUMENTALISTAS

Juan Mera Lago  
Juan Daniel Grandal John

### ILUMINADORES

Diego Lorenzo Otero  
Roí Gutiérrez Díaz

### COMPOSITORES/AS ESCENÓGRAFOS

Lucía Piñón Pereira  
Raúl Primoy Villar  
Martín Pita Vilela

Aarón Cobelo Martín  
Hugo Goiriz Brañas

### RELACIÓNS PÚBLICAS FIGURINISTAS

Natalia Fernández Hermida  
Desiree Martín Romero

Nicolás López Sachocos  
Hugo Miragaya Leal  
Lucía Leal Ramos

### REXIDOR

Manuel Rivera Naveiras

### DIRECTORA DE PRODUCCIÓN

Carla Lamas Bouso



# O día do peón

O día 11 de novembro do 2017 fixámonos o día do peón. Participaron os cursos: 2º, 3º, 4º, 5º e 6º. Reunímonos na hora de lectura no centro do pavellón do colee. Cando todo o mundo di: "Pozo San Martiño, peóns ao camiño", e todo o mundo éra o peón ao centro do pavellón. Este acto celébrase todas as anos e gústanos moito.

Helia y Lucía Piñón de 6º





## O saco das novas

Os alumnos de 4º Ed. Primaria queremos facer un recordatorio da nosa titora de Ed infantil Mª José Funcasta.

Ela deunos clase dende que tiñamos tres anos ata os seis. Algunhos nenos xa non están porque se foron a outros colexios, tamén viñeron outros nenos novos.

Con ela aprendimos moitas cousas:

A escribir, a poñernos os mandilóns, a colorear, o calendario, a recoller... e moitas cousas mais.

Fixemos moitas cousas con ela, plantamos aguacates, fixemos murais, fumos a moitas excursións, fixemos cadros, manualidades...

Con nos tiña moita paciencia, sempre nos explicaba as cousas cando non as entendiamos.

As veces faciamos galletas de diferentes formas.... en xeral:

**UNHA SUPER PROFE!**



Os alumnos de cuarto de primaria queremos agradecerlle a nosa profe Isabel, toda a paciencia que tivo con nos este ano.

Este ano contigo aprendimos moitas cousas, a ler a hora, a dividir, as provincias, as autonomías....

Gracias por levarnos a piscina e por todo

Botaremos moito de menos, e moita sorte nesta nova etapa que comezas.



O saco das novas

# sinaturas



O saco das novas





O saco das novas





## O saco das novas



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Equipos de  
Dinamización  
da Lingua Galega